

Fagan favor, fagan goberno

O noso país precisa deixar de estar sometido ao que decida o PP madrileño, precisamos unha política propia e o PP de Feijóo está a facer xusto o contrario, reducindo o goberno da Xunta a recortar e recortar: na sanidade, na educación, nos servizos públicos, na cobertura social e entregando os pedazos do público ás mans privadas, ás mans dos amigos. Meteron a tesoura e levaron os pedazos para o seu cesto.

Levamos anos sen política propia que defenda os nosos intereses como país, sexan estes os intereses do campo, da industria, da pesca, da cultura...Feijóo reduciu a Xunta a ser unha empregada aquí que atende os recados e as ordes do señorito en Madrid. Fixo que a autonomía, xa un limitado autogoberno en por si, perdese toda utilidade e rebaixando a nosa dignidade como país, como nación histórica.

Non temos medo ao cambio, do que temos medo é desta asfixia que liquida o país, temos medo de que todo siga así, costa abaixo, e por iso pedimos ás candidaturas que están destinadas a formar un goberno de cambio progresista que se comprometan públicamente a abrir conversas inmediatamente tras as eleccións para pactar un goberno da Xunta que defenda os nosos intereses económicos e sociais e a nosa identidade cultural nacional.

A causa de moitos dos nosos males está nunha dereita centralista que se val dunha maioría electoral absoluta para abusar do poder, porque é incapaz de dialogar e pactar cos demais. O noso país é unha sociedade rica e variada, non somos ovellas que obedecen ao amo e somos xente diversa, discutimos e debatemos as nosas opinións distintas, expresámonos por iso a través de varias candidaturas. Porén, hai moitos galegos e galegas que sabemos que estamos chegando a un fondo e que hai que parar e comezar a remontar, por iso temos que unirnos nas cousas máis elementais e necesarias.

Este é un tempo de urxencia e obriga á unidade dos diversos, pedímosvos que vos comprometades publicamente a facer goberno, facerdes Xunta, facerdes Galicia, Galiza. Pedímosvos o máis elemental, que fagades país. Porque este país precisa ilusión e esperanza.